



Retraso nunha citoloxía para avaliar VPH

Expediente: I.5.Q/272/20

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2020

Estimada Sra.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito , referente ao retraso na cita de control do servizo de xinecoloxía.

ANTECEDENTES

Nesa queixa esencialmente indicaba que :

Tras a súa consulta no servizo de xinecoloxía en decembro de 2019, o seu médico indicou unha data de revisión de 6 meses para controlar a súa doenza pero a cita que se lle asignou foi o 13 de xaneiro de 2021.

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información a Consellería de Sanidade que xa nola remitiu. No informe achegado por dita consellería indícase que se modificou a cita para o 6 de maio de 2020.

ANÁLISE

Á vista do contido do seu escrito de queixa, da documentación achegada por vostede e do que se manifesta no informe da Administración, hai que ter presente que de acordo co artigo 5 da Lei galega 12/2013, de 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias o Servizo Galego de Saúde implantará un sistema de clasificación en prioridades baseado en aspectos clínicos funcionais e sociais do paciente e de acordo con estes niveis de prioridade se lle asignarán uns tempos máximos de atención, polo tanto si o seu facultativo prescribiu un tempo

aproximado de atención de 6 meses, resulta razoable que se lle asigne unha cita para o mes de maio.

CONCLUSIÓN

Tras a investigación realizada na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe da citada consellería dedúcese que se resolveu o motivo que orixinou este expediente.

Por todo o sinalado ata agora, en principio non parece preciso continuar a investigación iniciada como consecuencia do seu escrito de queixa, e conclúese este expediente sen prexuízo de reabrilo a súa instancia pola aportación de novos datos ou circunstancias.

Por todo o anterior, resolvo dar por concluído este expediente ao considerar que a intervención desta institución, requirindo información sobre os feitos, orixinou que a administración afectada revisara a situación, comprobara o problema que motivou a súa queixa e adoptara as medidas adecuadas para resolvelo.

Ademais, lle comunicamos que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega. Neste sentido, no informe anual ao Parlamento de Galicia darase conta das queixas que foron solucionadas ou resoltas positivamente no curso das actuacións desta institución.

Agradézolle a confianza que nos demostra e reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo